

INSTRUCCIÓN XERENCIAL 1/2019, DO 19 DE FEBREIRO, SOBRE O PROCEDIMENTO PARA A UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DOS CENTROS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN, XERADOS POR CUSTOS INDIRECTOS DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

Debido a que na maioría das convocatorias de proxectos de investigación non se admiten como gastos elixibles os relativos aos servizos internos da propia Universidade xa que, aínda que na memoria estean incluídos, na práctica son descertificados ao non existir un pago real, e tendo en conta a Nota Técnica do 28 de agosto de 2018, aclaratoria sobre elixibilidade dos gastos dos centros de investigación propios nos proxectos de investigación, na que se establece que non se poden facer cargos internos con cargo a proxectos de investigación financiados con fondos externos salvo autorización específica do ente financiador, faise necesario artellar un sistema que permita ao persoal investigador facer uso dos Centros de Apoio á Investigación.

Para isto, aqueles proxectos de investigación que comporten custos indirectos poderán, previa solicitude do investigador principal, xerar un abono interno de servizos para os Centros de Apoio á Investigación (CACTI, ECIMAT, CINBIO) da Universidade de Vigo por unha contía máxima correspondente ao 50% dos custos indirectos e cunha vixencia igual á do proxecto de investigación, incluídas posibles prórrogas.

Procedemento:

1.- O investigador principal do proxecto enviará á Área de apoio á investigación e á transferencia do ámbito científico, por correo electrónico (area.aince@uvigo.es), a solicitude de apertura do abono, indicando a denominación e partida presupostaria (consultar SUXI ou na Área Económica do ámbito de Ciencias Experimentais) do proxecto de investigación e o centro de apoio á investigación para o que o solicita. No caso de facer uso de varios centros o investigador terá que indicar na dita solicitude como reparte o abono entre os diferentes centros.

2.- Para poder solicitar a apertura dos abonos para os servizos que se xestionen a través do LIMS, con cargo aos custos indirectos dos proxectos de investigación, os investigadores principais terán que estar rexistrados, como I.P., no LIMS.

3.- A Área de apoio á investigación e á transferencia do ámbito científico comprobará no SUXI os datos do proxecto e procederá á dotación do abono tendo en conta a contía máxima autorizada e, no seu caso, o reparto solicitado e comunicará ao investigador principal, por correo electrónico, a apertura do abono e o código e denominación deste.

4.- Para facer uso do abono o investigador deberá elixir o código facilitado no campo **Partida presupostaria (UVIGO) o CIF (externos) / Abonos** do formulario de solicitude de servizo do LIMS, ou indicalo no campo **Partida presupostaria** das solicitudes en papel para os servizos non xestionados a través do LIMS

5.- O investigador principal poderá autorizar aos membros do grupo de investigación ou equipo de traballo para que poidan solicitar servizos con cargo ao dito abono. Para iso terá que comunicar, por correo electrónico (area.aince@uvigo.es), o nome e apelidos das persoas autorizadas no abono con cargo aos custos indirectos, indicando o código asignado ao mesmo.

No caso de servizos xestionados a través do LIMS previamente terá que rexistralos no apartado “Mis autorizados” do dito programa.

6.- A vixencia do abono coincidirá coa do proxecto de investigación e a execución dos servizos debe estar no período de execución do proxecto. O investigador deberá solicitar os servizos aos Centros de Investigación coa antelación suficiente para que os laboratorios e servizos administrativos poidan pechar os servizos e emitir as notas de cargo correspondentes.

7.- Se durante a vixencia do abono se supera a contía máxima ao contabilizar un servizo solicitado, a Área de apoio á investigación e transferencia do ámbito científico comunicará ao investigador principal a contía negativa que presenta a dito abono. O investigador responsable indicará a que partida orzamentaria de financiación interna (contratos programa, produción científica ...) se imputará o dito saldo negativo e, se é caso, os seguintes servizos solicitados.

8.- A Área de apoio á investigación e á transferencia do ámbito científico desactivará todas as aplicacións orzamentarias correspondentes a proxectos de investigación con financiamento alleo que estean, na actualidade, rexistradas no LIMS.

A/A VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN

A/A SERVIZO DE APOIO Á INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO

A/A SERVIZO DE CONTROL INTERNO

A/A SERVIZO DE CONTABILIDADE, ORZAMENTOS E TESOURARÍA

A/A ADMINISTRADORES/AS CENTROS

A/A DIRECTORES/AS DEPARTAMENTOS

A/A INVESTIGADORES/AS